



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### ORDENANZA REGULADORA DE PREZO PÚBLICO

Ordenanza reguladora do prezo público polo uso dos espazos e servizos do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei

#### Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polo artigo 142 da Constitución, de conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do Real Decreto Lexislativo de 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Outeiro de Rei na súa calidade de Administración Pública territorial, establece o prezo público polo uso dos servizos do Viveiro de Empresas de Outeiro de Rei.

#### Artigo 2. Feito imponible

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen a contraprestación económica pola prestación do servizo por ocupación dos espazos físicos destinados a iniciativas empresariais e uso de espazos e equipamentos comúns no Viveiro de Empresas de Outeiro de Rei.

#### Artigo 3. Obrigación do pago

Están obrigadas ao pago do prezo público establecido nesta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas usuarias e beneficiarias, logo da correspondente adxudicación, das instalacións do viveiro de empresas de Outeiro de Rei a partir da finalización do período de exención indicado no seguinte artigo (artigo núm. 4), agás disposición expresa en contrario.

#### Artigo 4. Tarifas

As tarifas estruturaránse do seguinte xeito:

| Ano de ocupación                                               | Tarifa mensual (€/m <sup>2</sup> ) | Observación                                         |
|----------------------------------------------------------------|------------------------------------|-----------------------------------------------------|
| 1º ano                                                         | 0,00                               | 1º ano exento de pago por lanzamento da actividade* |
| 2º ano                                                         | 1,00                               | Aplicable con IVE**                                 |
| 3º e 4º ano                                                    | 1,50                               | Aplicable con IVE**                                 |
| Do 5º ao 8º ano<br>(no caso de nova autorización de concesión) | 2,00                               | Aplicable con IVE **                                |

\*O primeiro ano, exento de pago, computarase desde a data efectiva de ocupación do espazo adxudicado.

\*\* Ao importe das tarifas aplicaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) vixente.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### **Artigo 5. Normas de xestión**

5.1 A obrigación de pago do prezo público nace o primeiro día de cada mes de prestación do servizo, entendendo para estes efectos, que o servizo comeza a prestarse coa firma da acta de entrega das instalacións, e cesa co abandono efectivo das mesmas. Dado que o primeiro ano de ocupación está exento de pago, a primeira liquidación que se practique incluírá o mes ou a parte parte proporcional do mesmo (se non coincide co día 1) dende o día seguinte ao remate do período exento (1º ano), prorrateándose de ser o caso.

As liquidacións practicaranse por meses naturais. En caso de que o inicio da ocupación, ou de cese na prestación do servizo, non coincida co día 1 do mes, o importe prorratearase segundo os días naturais efectivos, considerando meses de 30 días naturais.

5.2 O prezo público xestionarase mediante liquidación mensual realizada polo Concello. Esta practicarase por meses anticipados, efectuándose a cobranza dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes, sen que sexa necesario para iso a práctica de ningunha notificación de previo aviso .

A tal fin, e para acadar un eficaz funcionamento da xestión destes prezos públicos, as persoas usuarias deberán facilitar certificado do número de conta bancaria para a domiciliación obrigatoria dos pagos (que se realizarán mensualmente, excepto durante o ano de exención).

5.3 As débedas que non se fagan efectivas dentro dos prazos de pago establecidos na Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei, esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

5.4 Procederá a devolución dos prezos públicos satisfeitos cando non se puidera prestar o servizo por causas imputables ao Concello.

#### **Baixas:**

- A solicitude de baixa do espazo adxudicado e das obrigas inherentes, deberá presentarse cunha antelación mínima de 3 meses e en todo caso, polo menos un mes antes da data de cesamento da actividade.
- A falta de comunicación determinará a obriga de seguir aboando o prezo público, *mesmo no caso de non haber uso efectivo do espazo*, salvo causa de forza maior debidamente acreditada.

### **Artigo 6. Infraccións e sancións**

En todo o relativo á falta de pago e sancións aplicarase o disposto na lexislación vixente e o establecido na Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei.

#### **Disposición final**

Primeira.- A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

[Ordenanza aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2025.  
Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 257 de 08/11/2025].